



Concello de Ribadumia

INFORME DE SECRETARIA

ASUNTO: Expediente de contratación da obra de "DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO DO SALNÉS"

Consta no expediente memoria xustificativa esixida polo artigo 116.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no que se xustifica:

- A insuficiencia de medios
- A necesidade do contrato
- A non división en lotes

Para os efectos de xustificar a letra a) do punto 4 do artigo 116 e Disposición adicional decimo quinta 1.c) da LCSP, emítase o seguinte INFORME:

- En canto a elección do procedemento de adxudicación xustifícase o procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto no art. 159.6 da LCSP 2017, ao cumprirse as condicións de ser o de valor estimado inferior a 80.000 euros e non se prevén criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízos de valor e a simplicidade do procedemento e o curto prazo para a contratación e execución da obra, tendo en conta as datas de xustificación da subvención concedida para a mesma.
- Xustificación de non utilización de medios electrónicos para a presentación de ofertas:

A disposición Adic.15ª da LCSP 2017 establece que a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos. Non obstante o órgano de contratación non estará obrigado a esixir medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas, entre outros supostos, cando a utilización de medios electrónicos requira equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación. A tal efecto o Concello de Ribadumia está tramitando a utilización dun sistema de licitación pública da Xunta de Galicia ou dunha plataforma privada, polo que neste intre non dispón dos medios electrónicos necesarios para a licitación electrónica polo que as ofertas teranse que presentar en papel.

Ribadumia, 22 de xullo de 2019
A Secretaria,

Asdo.: Mª Dolores Franco Mateo
(documento asinado dixitalmente)



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000171CE00K0D9Q1Z9J4H3 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE :: 2019315
	Mê DOLORES FRANCO MATEO(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-SECRETARIA - 23/07/2019 CN=tσα.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 23/07/2019 10:12:38		19000015 Fecha: 08/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

